

X Torneo San Froilán De Tenis de Mesa 10 de Agosto

Data e local de xogo:

O X Torneo San Froilán de Tenis de Mesa terá lugar nas instalacións da “Casa do Deporte” que se encontra na Avenida Infanta Elena s/n, o día 10 de Agosto de 2019.

Probas a disputar e horarios:

O torneo comezará as 9:00 de mañá e rematará cando se acaben todas as probas.

Sábado 10 de agosto as seguintes categorías:

Benxamín masculino e feminino. 2009 e posteriores.

Alevín masculino e feminino. 2007 e 2008.

Infantil masculino e feminino. 2005 e 2006.

Xuvenil masculino e feminino. Entre 2002 e 2004.

Sub-23 masculino e feminino. Entre 1997 e 2001.

Sénior masculino e feminino. Entre 1981 e 1996.

Veteranos +40. Entre 1971 e 1980.

Veteranos +50. Entre 1961 e 1970.

Veteranos +60. A partir de 1960.

Veteranas. A partir de 1980.

Inscricións:

A inscrición é de balde, debendo formalizarse antes do día 30 de xullo ás 23:00 h. Os clubs afiliados á Federación Galega deberán empregar o **novo sistema de inscrición** que se detalla no seguinte [enlace](#). Os restantes clubs españois e estranxeiros formalizarán a súa inscrición enviando un correo electrónico á dirección comiteranking@fgtm.es. Ao non estar afiliados a FGTM, deberán facilitar nome e apelidos, data de nacemento, nº de licenza e club ó que pertencen. Non se permitirá a inscrición no mesmo día en máis dunha categoría.

TODOS OS XOGADORES INSCRITOS, DEBERÁN ESTAR EN POSESIÓN DA CORRESPONDENTE LICENZA FEDERATIVA.



Sistema de competición:

En todas as categorías haberá dúas fases. Unha primeira clasificatoria por grupos, sempre que as inscricións o permitan, e unha segunda eliminatoria directa.

Arbitraxes:

Os partidos da 1ª Fase serán arbitrados polos propios xogadores. Na 2ª fase arbitrarán xogadores que foron quedando eliminados en quendas anteriores.

Trofeos:

Entregaranse trofeos os catro primeiros clasificados de cada proba.